

Réquiem.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 09 Maio 2012 20:07



En máis dunha ocasión, e de dúas, falei do meu interese pola obra arquitectónica do estudio *Mansilla+Tuñón*

. Ambos os dous socios, despois de traballar durante oito anos con Rafael Moneo, fundan estudio propio en mil novecentos noventa e dous. Un ano despois, con

Luis Rojo

, crean a cooperativa de pensamento CIRCO, cuxas ocorrencias editan nun particular *fanzine*

de texto único por número. En mil novecentos noventa e seis rematan o pequeno

Museo de Arqueología y Bellas Artes

de Zamora. No dous mil un o

Auditorio Ciudad de León

. E en dous mil sete concédennlle o

Mies van der Rohe

, premio de arquitectura contemporánea da Unión Europea, polo

Museo de Arte Contemporánea de Castilla y León

, construído nesta mesma cidade. A partir dese momento aumenta a súa popularidade, pero

Réquiem.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 09 Maio 2012 20:07

isto non afecta a que as súas obras sigan mantendo o grao de calidade e investigación.

Lembro a nobreza do formigón branco, coa caligrafía do encofrado de táboas moi coidado, nos interiores do museo de Zamora; a máscara dos mil ollos do Auditorio, tamén en formigón branco, enmarcando, orientando a mirada de quen ve cara ao Hostal de San Marcos; o xogo de seriación xeométrica da planta do MUSAC. Sempre, o exquisito tratamento da luz. Obras que na súa concepción responden á subxectiva aplicación dun sistema que conxuga igualdade na diferenza. Obras onde os materiais son tratados co máximo respecto, procurando, sempre, obter deles as máis altas prestacións. Onde a abstracción, quizais, nunca é total. Obras fermosas, en todo caso. Despois virían máis.

Lembro a *Luis Moreno Mansilla*, miope e contido, comentando estas obras, e outras, nunhas Xornadas que, sobre a profesión, se celebraron en Coimbra, a pouco de iniciarse o milenio, no pavillón retornado que *Siza e Souto de Moura* proxectaran para a Exposición Universal de *Hannover* 2000.

Luis

falou con imaxinación e amenidade, e sen retirar da cara a expresión de neno espabilado e traste que sempre tivo.

Lembro unha excursión a Lalín, en abril do ano pasado, planeada por *Vicente Pintos e Javier Franco*,

para ver o novo Concello que construíran, antes de que entrara en uso. Un exercicio de complexa xeometría no que tocan conceptos de continuidade espacial e introducen acenos á arte cinética. Este último parámetro, en realidade, xa o utilizaran na súa outra obra levantada en Galicia, a sede para a

Fundación Barrié de la Maza

, en Vigo.

A última vez que os traballos deste estudio de arquitectura foi un dos motivos dos meus desprazamentos acabo de contalo, nesta mesma sección, nas sete entregas anteriores.

Dicía o estoniano, afincado en *Philadelphia*, *Louis Kahn*, un dos grandes mestres do século XX, que un arquitecto non debería asinar proxectos ata os corenta e cinco anos. Aí acoutaba a madurez proxectual. Eu non sei se a madurez para proxectar arquitectura está nesa idade,

Réquiem.

Escrito por Antonio Soliño Troncoso
Mércores, 09 Maio 2012 20:07

supoño que dependerá de moitos factores e, obviamente, das capacidades da persoa en cuestión, non obstante, sei que, a diferenza das demais artes clásicas, non existen prodixios infantís en arquitectura. A arquitectura, como disciplina, posúe tal grao de complexidade e repercusión social que, en boa medida, para poder practicala cun mínimo de criterio esixe, entre outros atributos, certa experiencia vital.

É obvio que *Emilio Tuñón* e *Luis Mansilla*, aínda cumprindo co espírito da máxima de *Kahn*, non seguiron o seu consello ao pé da letra. Se o fixesen non teríamos as súas obras. E xa nunca as poderíamos ter. A

Luis

deixou de latexarlle o corazón. Perdeu a vida inesperadamente o vinte e dous de febreiro, mentres durmía. Tiña cincuenta e dous anos. Aínda era un arquitecto novo, colmado de ideas sobresaíntes. Triste, moi triste.